

**Programación Docente de Conxunto (I-VIII)**

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

**1. Identificación e contextualización**

DISCIPLINA											
ESPECIALIDAD	INTERPRETACIÓN							ITINERARIO	IMTP		
CARÁCTER	B) Obrigatoria							TIPO DE CLASES	Colectiva		
DEPARTAMENTO	MÚSICA TRADICIONAL							XEFE/A DO DEPARTAMENTO	Rebeca Carrera		
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA	Lorena Freijeiro	
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais	1,5	
ETCS/ CUADRIMESTRE	3	3	3	3	3	3	3	3	Observacións		
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA		
	LORENA FREIJEIRO ALONSO				lorenafreijeiro@hotmail.com				VER CADRO DE TITORÍAS		

**2. Descritor e competencias**

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Establecemento de hábitos, técnicas de ensaio e criterios interpretativos. Desenvolvemento da compenetración do/a intérprete dentro dun traballo colectivo, desempeñando funcións de solista e/ou integrante da agrupación. Desenvolvemento das capacidades de liderado en diferentes tipos de agrupacións. Práctica de lectura a primeira vista; coñecemento do repertorio de conxunto da especialidade
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	
TRANSVERSAIS	T1, T3, T6, T7, T8, T13
XERAIS	X1, X2, X3, X6, X8, X11, X22, X23
ESPECÍFICAS	E11, E12, E13, E14, E15, E16, E17, E18, E19, E110

**3. Obxectivos**

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Valorar a interpretación en conxunto como aspecto fundamental da formación musical e instrumental.	TODAS
Traballar a audición polifónica para discernir diferentes voces ó mesmo tempo que se executa a propia.	TODAS
Empregar os recursos de ornamentación e articulación, en función das necesidades expresivas do repertorio abordado polo conxunto instrumental.	TODAS
Ser consciente da importancia da investigación na música tradicional como fonte de inspiración e coñecemento así como o deber de preservala.	TODAS
Desenvolver a capacidade para improvisar dúos, segundas voces, baixos...	TODAS
Desenvolver as destrezas necesarias facer arranxos de obras para conxunto de gaitas nunha ou máis tonalidades.	TODAS
Dominar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director.	TODAS
Mostrar a capacidade para organizar un concerto como compoñente dun conxunto, tendo en conta a elección de repertorio, interpretación, musicalidade, posta en escea,	TODAS

**4. Contidos**

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
Repertorio Tradicional	1.1 Análise e interpretación das obras do repertorio, así como adestramento permanente da memoria. Afondamento nos aspectos propios da interpretación de conxunto, con especial atención á afinación, empaste, volumes, etc. 1.2 Audición crítica das interpretacións realizadas e gravadas con anterioridade. 1.3 Desenvolvemento mediante a observación e a propia experiencia dunha actitude crítica fronte ó fenómeno da interpretación musical. 1.4 Valoración e conciencia da importancia da gaita e do seu patrimonio musical na cultura galega como aporte á cultura universal.	5
Repertorio de autor	2.1 Análise e interpretación das obras do repertorio, así como adestramento permanente da memoria. Afondamento nos aspectos propios da interpretación de conxunto, con especial atención á afinación, empaste, volumes, etc. 2.2 Valoración da evolución ó longo do século XX e ata a actualidade da interpretación da música para gaita. 2.3 Audición crítica das interpretacións realizadas e gravadas con anterioridade. 2.4 Desenvolvemento mediante a observación e a propia experiencia dunha actitude crítica fronte ó fenómeno da interpretación musical.	5
Arranxos	3.1 Adaptacións de obras non orixinais para gaita galega con ornamentación, dixitación e articulación de acordo a criterios estilísticos. Arranxos e creación.	2
Traballo técnico de conxunto	4.1 Lectura a primeira vista de fragmentos propostos. 4.2 Afinación e empaste. 4.3 Valoración da ornamentación como elemento musical e non como elemento exclusivamente técnico.	5
Total de sesións por cuadrimestre		17

**5. Metodoloxía e Planificación Docente**



TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clase práctica. O conxunto desenvolverá os exercicios e as obras acordadas na sesión anterior. O traballo centrarase principalmente na resolución de problemas derivados de tocar en grupo. En cada sesión proporáanse exercicios de empaste e afinación, resolución de pasaxes complexas, etc.	25'5		25,5
Traballo personal. Correspóndese co que os alumnos traballan fóra da aula, tanto individualmente como grupalmente.		62,5	62,5
Audición interna. Aquela que serve como preparación das audicións públicas ou concertos.	1		1
Audición pública. As audicións que se producen abertas ao público, e que teñen lugar durante as datas de exames.	1		1
Total de horas por cuadrimestre			90

## 6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>ORDINARIA</b>			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
Traballo de aula	O profesor elaborará un libro de aula no que figurarán os contidos de cada sesión cos comentarios sobre a resolución de cada un deles. Tamén figurará a data de cada sesión, o traballo pendente para a próxima sesión, as faltas de asistencia e as anotacións correspondentes ao rendimento de cada alumno.	TODAS	60%
Audicións	Faranse dúas audicións públicas por cuadrimestre nas que cada grupo amosará o traballo realizado.	TODAS	30%
Actividades	Valorarase tamén a participación activa en actividades relacionadas coa materia organizadas polo centro, como concertos didácticos, charlas, seminarios, participación en cursos, conmemoracións, funcións escénicas, etc.	TODAS	10%
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
Traballo de aula	O profesor elaborará un libro de aula no que figurarán os contidos de cada sesión cos comentarios sobre a resolución de cada un deles. Tamén figurará a data de cada sesión, o traballo pendente para a próxima sesión, as faltas de asistencia e as anotacións correspondentes ao rendimento de cada alumno.	TODAS	60%
Audicións	Faranse audicións públicas nas que cada grupo amosará o traballo realizado.	TODAS	40%
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
Exame práctico	O grupo presentará a totalidade do programa correspondente a cada curso, consensuado previamente co profesor. En caso de presentarse sen grupo establecido, o alumno que se examina deberá aportalos os acompañantes necesarios.	TODAS	100%
Exame práctico			
Exame práctico	O grupo presentará a totalidade do programa correspondente a cada curso, consensuado previamente co profesor. En caso de presentarse sen grupo establecido, o alumno que se examina deberá aportalos os acompañantes necesarios.	TODAS	100%

### ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

## 7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberán cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

## 8. Bibliografía, materiais e documentos

CALLE, José Luis. Aires da terra. La poesía musical de Galicia. Madrid, 1999  
 FERNÁNDEZ SANTOMÉ, X e PÉREZ LORENZO, M. Os Morenos de Lavadores. Ed. Cumio, 2011.  
 GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Paulo. Nove cancións do Mimo morto e unha canción de amor. (Caderno nº6 da colección Cadernos de Gaita). Ed. Dos Acordes. Pontevedra, 2006.  
 INZENGA CASTELLANOS, José. Cantos y bailes populares de España. Madrid, 1888.  
 LAMAS, Pedro. Luvas Verdes: Fandango desesperado. (Caderno nº14 da colección Cadernos de Gaita). Ed. Dos Acordes. Pontevedra, 2008.  
 MARTÍNEZ TORNER, Eduardo e BAL Y GAY, Jesús. Cancionero Gallego. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña, 2007 (facsimil da edición de 1973).  
 NAVIA, X. Manuel e GARCÍA, F. Javier. Gaiteros do Areal. Ed. Cumio, 2005



PÉREZ LORENZO, Miguel. Moxenas, a memoria do son. Vida e obra dun gaiteiro. Ed. Cumio. Vigo, 2004.

SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto e FILGUEIRA VALVERDE, José. Cancionero musical de Galicia. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña, 1982 (facsimil da edición de 1942). SOUTELO, Rudesindo. Borobó e Manuel María. Edita Arte Tripharia. Madrid, 1999.

VV.AA. Doce polainas enteiras. Edicións do Cumio. Vigo, 1998.

VV.AA. De pano sedán. Edicións do Cumio. Vigo, 2003.

VV.AA. Gaita 2.1. Música do XXI ao xeito tradicional. Ed. Dos Acordes. 2009

VV. AA. Os Campaneiros de Vilagarcía. Ed. Cumio, 2005